

**PRIMEIRA
LINGUA
EXTRANXEIRA
INGLÉS**

2016/2017

**LINGUA
ESTRANXEIRA
INGLÉS
INFANTIL**

Nº	TÍTULO	PÁXINA
0	Índice.	3
1	Introdución e contextualización.	4
2	Obxectivos xerais da Etapa de Infantil	5
3	Obxectivos da lingua inglesa no 2º ciclo de e. infantil	5
4	Contidos e secuenciación	6
5	Estratexias metodolóxicas	7
6	As tres áreas de experiencia na educación infantil	8
7	Contribución da área de lingua estranxeira á adquisición das competencias básicas	9
8	Atención á diversidade	10
9	Avaliación	10

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira na etapa de educación infantil permite que os nenos e nenas se familiaricen con formas de comunicación distintas á lingua materna, acepten con normalidade o uso doutras linguas, se interesen polas mesmas e comecen a adquirir unha competencia comunicativa básica para poderse comunicar na lingua estranxeira en contextos e situacións propias das súas idades.

O tratamento curricular das linguas, tanto maternas como estranxeiras, debe ser obxecto de especial consideración, dado que unha lingua, ademais de ser un instrumento de comunicación, constitúe un instrumento básico para adquirir algunhas das competencias que perseguen os obxectivos propios da etapa.

A adquisición dunha segunda lingua nos nenos e nenas segue os procesos similares aos da adquisición da lingua materna. Os nenos e nenas aprenden a desenvolver a súa capacidade de comunicar se inconscientemente, grazas a estar emersos en situacións de comunicación natural e de interacción social.

Así, a programación nesta etapa farase tendo en conta a temperá idade dos nenos e nenas, o seu proceso evolutivo, as súas necesidades e intereses, centrándose, polo tanto, no seu desenvolvemento integral.

O alumnado do 2º ciclo de infantil este curso está agrupado nunha mesma aula en 3,4 e 5 anos. Son en total 16 nenos dos cales 6 son de 3 anos, 3 de 4 anos e 7 de 5 anos.

Contamos tamén en infantil cun neno con síndrome autista que xa estivo en cursos anteriores.

Dada a diversidade do alumnado na etapa infantil, teremos en conta as dificultades que podemos atopar no ensino do idioma estranxeiro.

RECURSOS MATERIAIS DISPOÑIBLES NO CENTRO

- _ Vídeo/DVD
- _ TV
- _ Radiocasete/ reprodutor CD
- _ Cámara de vídeo
- _ Ordenadores
- _ Encerado dixital interactivo
- _ Os materias e recursos didácticos divídense en dous:

Impreso: pósters, carteis, contos e fichas

Audiovisual: Vídeos, televisor e cintas de audio (Playschool, Magic English, English Adventure, Three in a tree, Gumfi (The sky, The four seasons), The Patch and Robby Show DVD)

Xogos de Ordenador: Mis primeras palabras en inglés con Pipo, Playschool Multirom, Three in a tree Multirom e outros xogos de jclíc axeitados para o tema a traballar.

RECURSOS ESPACIAIS DISPOÑIBLES NO CENTRO

- _ Aula de ordenadores, aula de Vídeo (2), pátio, ximnasio y, biblioteca.

CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS

Todas as aulas comúns que hai no centro teñen unhas normas para poder ser utilizadas respectando un uso equilibrado entre todas as aulas. Na programación da área de lingua inglesa constará os periodos de uso das devanditas aulas comúns de maneira que a coordinadora das TICs poida establecer un horario coas quendas correspondentes.

DISTRIBUCIÓN DO ESPAZO DENTRO DA AULA ESPAZOS COMÚNS

Respectaremos a distribución da aula que teña establecida o titor/a. Neste caso a distribución normal da aula é de grupos de catro mesas xuntas nas que habería 5 nenos/as.

Ademais ao seguir a mesma rutina que utiliza o titor/a, temos unha distribución especial nos primeiros minutos da clase que empregaremos para a asemblea: semicírculo ou círculo dependendo da ocasión.

Nos contos e cancións utilizaremos un semicírculo e nas demais actividades: manualidades, xogos...dependendo das mesmas.

Na aula de Informática a distribución é en forma de “U” e na biblioteca de forma rectangular.

MATERIAIS CURRICULARES

Utilizaremos fichas de traballo elaborados pola especialista de inglés aínda que o inicio na lingua estranxeira estará baseado fundamentalmente na parte oral.

SAÍDAS E ACTIVIDADES

Este curso escolar procuraremos asistir a unha obra de teatro en inglés no terceiro trimestre.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación

3.- OBXECTIVOS DA LINGUA INGLESA NO 2º CICLO DE E. INFANTIL

- 1.- Descubrir a posibilidade de comunicarse noutra lingua e a existencia de manifestacións culturais distintas á propia.
- 2.- Familiarizarse coas novas formas de comunicación e recoñecer o valor comunicativo das linguas.
- 3.- Adquirir estratexias cognitivas, afectivas, de relación social e de autoestima, apreciando o propio progreso e o dos seus compañeiros no referido a aprendizaxe da lingua.
- 4.- Desenvolver o sentido melódico, rítmico, a coordinación corporal e a creatividade.
- 5.- Comprender e iniciarse no uso de normas, convencións sociais e rutinas realizadas na lingua estranxeira dentro da aula.
- 6.- Comprender instrucións en lingua estranxeira para levar a cabo rutinas, tarefas escolares habituais e xogos.
- 7.- Comprender o significado xeral de contos cortos, narrados ou lidos e previamente coñecidos na lingua materna, apoiados con soporte xestual.
- 8.- Cantar e recitar cancións e rimas infantís da lingua estranxeira en rituais de sorteo, xogos, celebracións e outras actividades lúdicas.
- 9.- Comprender, de maneira global, informacións curtas e específicas sobre a familia, obxectos persoais, mascota, xoguetes, a casa, a escola e outras situacións propias do mundo infantil.
- 10.- Interaccionar co profesorado en situacións de comunicación coñecidas e contextualizadas axudándose de apoios non verbais ou da propia lingua se fose necesario.

4.- CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

Co gallo de poder desenvolver os obxectivos anteriormente mencionados, propoñemos unha serie de contidos agrupados en dous:

- a) Comprensión, produción e interacción oral
- b) Aspectos socioculturais e actitudinais

TIPOS DE CONTIDOS

a) Comprensión, produción e interacción oral

- Recoñecemento de estratexias non verbais de comunicación na aula.
- Comprensión de mensaxes orais propias de interaccións de aula (linguaxe de aula)
- Utilización de estratexias verbais (imitación e repeticións en lingua estranxeira; utilización de termos en ambas as linguas) e non verbais para comunicarse na aula.
- Comprensión global de contos e narracións infantís coñecidos polo alumnado na súa lingua.
- Comprensión específica de mensaxes contextualizados, relativas aos contidos seleccionados da programación xeral.
- Comprensión de instrucións contextualizadas e do vocabulario básico relacionado coas situacións e temas de comunicación que os nenos e nenas representan nos seus xogos: a casa, a familia, a escola, os animais, os alimentos, os xoguetes e xogos
- Reprodución dalgunhas rimas e cancións en rituais de xogo ou en acontecementos festivos: aniversarios, Nadal, semana santa, ...
- Produción das menxases máis habituais na interacción cotiá na aula, relacionadas con rutinas establecidas ou iniciadas na lingua estranxeira: saúdos e despedidas; identificarse; expresar estados de ánimo e saúde, formular peticións, aceptar ou rexeitar algo, ...
- Interacción co mestre/a e cos compañeiros/as, comprendendo e dando desposta a preguntas básicas e rutinarias sobre experiencias sensoriais: frío, calor e estados de ánimo (triste, alegre), axudándose de apoios non verbais ou da lingua materna.

b) Aspectos socioculturais e actitudinais

- Recoñecemento dalgunhas normas, hábitos e manifestacións culturais específicas da cultura estranxeira e do mundo infantil lúdico, familiar, escolar en festividades de aniversarios, Nadal, Pascua...
- Curiosidade por coñecer novas formas de manifestación lingüística e sociocultural e interese por comunicarse na lingua estranxeira.
- Aceptación e deleite dos xogos, cancións, contos e rimas infantís típicos da cultura estranxeira.
- Descubrimento e aceptación doutras formas de vida escolar, familiar, e social distintas á propia.
- Adquisición de formas rítmicas e melódicas, e desenvolvemento da coordinación corporal e da creatividade a través de xogos, cancións, rimas pertencentes á cultura estranxeira.
- Interese por comprender e facerse comprender na lingua estranxeira.
- Interese por desenvolver estratexias de aprendizaxe e por transferilas dunha lingua a outra.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR NIVEIS E TRIMESTRES

CURSOS	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3 e 4 ANOS	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you Numbers 1-6/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink /What colour is it? <u>Body:</u> Ears, eyes, nose, mouth, face, hair, hands, arms, legs. <u>Feelings:</u> happy, sad, angry. Touch your... <u>Halloween:</u> pumpkin,	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you Numbers 1-6/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink /What colour is it? <u>Clothes:</u> hat, trousers, socks, T-shirt, shoes, dress, coat, pirate. <u>Family:</u> family, mummy, daddy, sister, brother. <u>Springtime:</u> flowers, rabbits,	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you Numbers 1-6/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink /What colour is it? <u>Food:</u> cake, meat, fish, fruit, apple, orange, banana. <u>Animals:</u> bird, cat, dog, rabbit, cow, sheep, hen, horse

	orange <u>Christmas:</u> Merry Christmas, present, tree, star, Christmas.	birds, water	
5 ANOS	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you/ Yes- No <u>Numbers</u> 1-10/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny, It's windy <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink, Black, brown, white /What colour is it? <u>Body:</u> arms, body, feet, hands, head, legs, Boy, girl Move your body! <u>Feelings:</u> happy, sad, angry. <u>Halloween:</u> pumpkin, spider. <u>Christmas:</u> Father Christmas, Christmas day, Merry Christmas!,	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you/ Yes- No <u>Numbers</u> 1-10/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny, It's windy <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink, Black, brown, pink, white /What colour is it? <u>Clothes:</u> hat, trousers, socks, Tshirt, shoes, dress, coat, skirt <u>Family:</u> mummy, daddy, brother, sister, granddad, granny, family. big, small. <u>Springtime:</u> flowers, rabbits, birds, water, plants.	<u>Class Routine</u> Hello - Bye-Bye Please-Thank you/ Yes-No <u>Numbers</u> 1-10/ How many? <u>Weather:</u> It's raining, it's sunny, It's windy <u>Colours:</u> Red, yellow, green, blue, orange, purple, pink, Black, brown, pink, white /What colour is it? <u>Animals:</u> bird, cat, dog, rabbit, cow, sheep, horse, hen, elephant, giraffe, snake, tiger, zebra, zoo, farm. <u>Food:</u> fish, meat, fruit, cake, orange, banana, apples, biscuits, cheese, juice, nuts, sandwiches, tomatoes I'm hungry!- I'm thirsty!

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Farase este primeiro contacto coa lingua inglesa **gratificante e significativo**, aproveitando o desenvolvemento das capacidades expresivas fundamentais nestas idades para lograr unha capacidade comunicativa satisfactoria.
- As **actividades** que se propoñan parten dos distintos contextos que os nenos e nenas dominan na lingua materna. Trátase de favorecer a capacidade que os nenos e nenas teñen para asociar elementos verbais e non verbais (mímica, xestos, debuxos) a través dos xogos. Así o neno/a repite palabras para xogar ao eco, canta e recita *chants, poems...*
- Será indispensable crear un **contexto de inmersión**, axeitado no posible á dinámica da clase e ás vivencias do alumnado. Utilizaranse dramatizacións baseadas en experiencias reais, utilizando estruturas básicas como base de vocabulario cercano aos nenos e nenas.
- A **imaxe**, ben en video, murais, contos, fotos ou debuxos axudarannos cando precisemos variar o ritmo da lección.
- O uso da **expresión musical** é outro recurso expresivo fundamental na aprendizaxe do inglés, especialmente nestes primeiros momentos nos que o ritmo e a entonación son tan importantes. Utilizaranse cancións como método de revisión de conceptos.
- O enfoque metodolóxico estará baseado na **comunicación**, xa que o fin da aprendizaxe dunha lingua é adquirir unha competencia comunicativa.
- Respetarase o **“silent period”**, ou periodo de interiorización no que os nenos/as reciben e non producen.
- Sabendo que a aprendizaxe dunha lingua non se produce de xeito lineal, senón que se vai adquirindo de forma **global**, facilitarase este proceso escollendo materiais curriculares que adopten un enfoque cíclico na presentación de contidos.

- Respetaranse os **principios de globalización e interdisciplinariedade** que deben caracterizar esta etapa. Esta programación contribuirá á práctica de destrezas que se utilizan noutras áreas.

- Baseándonos na concepción **construtivista e globalizada** da aprendizaxe seguiremo-las seguintes pautas:

a) Crearemos as condicións axeitadas para que se produza a necesidade de expresarse en inglés.

b) Daremos prioridade ás destrezas receptivas e orais: “facer cousas” (T.P.R. ou Total Physical Response), acatar ordes, sinalar...

c) Tentaremos conseguir un ambiente relaxado, co nivel afectivo suficiente, na aula, para favorecer a utilización das estratexias persoais de aprendizaxe.

- A metodoloxía será **individualizada**, axustando o tipo de axuda pedagóxica ás características e necesidades dos nenos e nenas.

- Favorecerase a **motivación** do alumnado, é dicir, a súa predisposición cara á aprendizaxe.

Adecuaranse os contidos que queremos ensinar ás aptitudes e dificultades de aprendizaxe de cada alumno, atendendo á súa **diversidade**.

6.- AS TRES ÁREAS DE EXPERIENCIA NA EDUCACIÓN INFANTIL

As tres áreas son:

_ COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

_ COÑECEMENTO DA CONTORNO.

_ LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Convén destacar que o obxectivo principal é non limitarnos á aprendizaxe do inglés. Así e todo, dado que se abarcan áreas de coñecementos próximos á propia experiencia dos nenos, estes entrarán tamén en contacto con conceptos, procedementos e actitudes das áreas de identidade e autonomía persoal, entorno e comunicación e representación. O ensino do inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, coas actividades que propoñemos, os nenos/as non só aprenden inglés, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

CONTRIBUCIÓN DA LINGUA INGLESA ÁS TRES ÁREAS DE EXPERIENCIA NA EDUCACIÓN INFANTIL

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizais a área máis importante para a Lingua Estranxeira é a da comunicación e representación. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexo entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución da lingua estranxeira valorarase esta curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula.

7.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión...

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sêrvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área "O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal", e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** e a **Competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

8.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Este curso temos na aula de 5 anos con Síndrome Down que necesita dunha axuda para o seguimento das ruitnas de clase.

9.- AVALIACIÓN

Como a **avaliación** na Educación Infantil é continua, individualizada, global e formativa, farase recollida de datos relevantes en todas as fases do proceso. Considerándose coma mínimo o feito de que o neno-a poida seguir a clase en inglés e responda polo menos co movemento ou

senalización do que se estea avaliando, o interese amosado e a limpeza dos traballos rematados.

Aínda que o enfoque principal nesta etapa consiste en motivar os/as nenos/as máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar a base da futura aprendizaxe de idiomas con confianza.

O control de progreso é un labor continuo desde o 2º curso do 2º ciclo de infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

Os criterios de avaliación pódense dividir en dúas seccións:

Actividades de clase

- Segue as instrucións da clase.
- Intenta comunicarse co profesor/a e/ou coa mascota de clase.
- escoita e entende as cancións/rimas.
- Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).
- Pode seguir o conto.
- Participa nos xogos.
- Completa as fichas.
- Completa os traballos manuais con coidado.
- Responde non-verbalmente ás instrucións.
- Responde verbalmente ás instrucións.
- Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en inglés.

Actitude e comentarios xerais

- Amosa interese en aprender.
- Esfórzase.
- Participa.
- Síntese seguro/a na clase.
- Respecta as rutinas e as normas da clase.
- Desenvolve a psicomotricidade grosa.
- Desenvolve a psicomotricidade fina.
- Cooperera cos/as compañeiros/as da clase.
- escoita os/as compañeiros/as da clase.
- Respecta as normas e as quendas de palabra.

**LINGUA
ESTRANXEIRA
INGLÉS
PRIMARIA**

1.ÍNDICE:

Nº	TÍTULO	PÁXINA
1	Índice.	13
2	Introdución e contextualización.	14
3	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da primeira lingua estranxeira (inglés). Concreción dos obxectivos,cada estándar de aprendizaxe, grao mínimo de consecución,procedementos e instrumentos de avaliación e elementos transversais.	20
4	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.Deseño da Avaliación Inicial e medidas individuais ou colectivas. Actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes.	88
5	Concrecións metodolóxicas(estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe e competencias clave)	89
6	Materiais e recursos didácticos.	90
7	Medidas de atención á diversidade.	91
8	Actividades Complementarias e Extraescolares.	
9	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	95
10	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.	95

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

2.1. LOMCE.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Tendo en conta que a educación inicial é cada vez máis determinante, é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar os obxectivos propostos. En consecuencia, o establecemento de medidas para actuar sobre o currículo son imprescindibles para a mellora. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo está integrado polos obxectivos da etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo do persoal docente; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

O novo artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, define a distribución de competencias entre as distintas administracións educativas e, mesmo, con respecto aos centros docentes. Nesta distribución competencial correspóndelle ao Goberno do Estado, entre outras funcións, o deseño do currículo básico co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire a Lei orgánica. En exercicio desta competencia, e no que atinxe á educación primaria, ditouse o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, no que desenvolve os aspectos do mesmo en atención á nova configuración do currículo.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece que é competencia plena da Comunidade Autónoma o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o parágrafo primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan.

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo da educación primaria no sistema educativo galego, dentro do marco de distribución de competencias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, e en atención á nova configuración curricular que establece o agrupamento de disciplinas en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de

avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave nas diferentes áreas.

O primeiro bloque, correspondente ás disciplinas troncais, trata de garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores naquelas disciplinas que deben ser comúns a todo o alumnado, e que, en todo caso, deben ser avaliadas nas avaliacións finais de etapa. Neste bloque correspóndenlle ao Goberno do Estado a determinación dos contidos comúns, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación, así como o horario mínimo lectivo. Pola súa banda, á Comunidade Autónoma correspóndelle completar e secuenciar en cursos os contidos, adaptándoos á nosa realidade, realizar recomendacións metodolóxicas, completar os criterios de avaliación e fixar o horario lectivo máximo. Os centros docentes poderán completar contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

O bloque de disciplinas específicas permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contidos das disciplinas. O Goberno do Estado determina os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación, e correspóndelle á Comunidade Autónoma establecer os contidos, completar os criterios de avaliación, realizar recomendacións metodolóxicas e fixar o horario correspondente. Os centros docentes poderán completar os contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

O bloque de disciplinas de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía. Nestas disciplinas a Comunidade Autónoma establece os contidos e os estándares de aprendizaxe avaliáveis, os criterios de avaliación e o horario, así como as recomendacións metodolóxicas. Os centros docentes poderán completar os contidos e configurar a súa oferta formativa, ademais de deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios e determinar a carga horaria. Neste bloque encádrase o desenvolvemento curricular da disciplina de Lingua Galega e Literatura, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, á que lle corresponde un tratamento análogo ao da disciplina de Lingua Castelá e Literatura, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Así, nas idades do alumnado de educación primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa se traten de xeito integrado, esperten a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara as persoas falantes desas linguas.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego».

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As concrecións curriculares para os distintos bloques de disciplinas, reconstrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada área. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliábeis, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro, e do profesorado, a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, permitiralle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro educativo velar por un tratamento equilibrado das distintas competencias clave nas programacións didácticas.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeles. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

O recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes se establece neste decreto dun xeito efectivo, aumentando a súa capacidade de decisión na definición do currículo, coa posibilidade de definir, nas condicións que determina a consellería con competencias en materia de educación, a oferta de áreas do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, e, deste xeito, adaptar a súa oferta educativa ao seu contexto socioeducativo.

1.2. CONTEXTO PARTICULAR DO CENTRO.

Educación Primaria – Primeira lingua estranxeira (inglés)

Centro CPI Padrenda- Crespos

Rúa San Roque de Crespos s/n

Localidade Crespos

Provincia Ourense

Código Postal 3226

Composición do departamento de linguas estranxeiras

1. Etapas de Educación Infantil e Primaria.	Mestra: Mónica Vega González
---	------------------------------

Distribución do alumnado

Curso	Nº de alumnos/as	Nº de grupos
1º e 2º (agrupados)	13	1
3º	11	1
4º	10	1
5º e 6º (agrupados)	17	1

Perfil do centro

Nivel social	Alto	Medio	Baixo	Mixto
Zona			Vila	Rural

1.3 PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS).

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Pola súa parte, o Marco común europeo de referencia para as linguas define os niveis de dominio da lingua que permiten determinar as competencias lingüísticas do alumnado en cada fase da aprendizaxe ao longo da súa vida. A educación primaria constitúe a fase inicial desa aprendizaxe de linguas estranxeiras e a base para que o alumnado, ao rematar a súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira que lle permitan achegarse ao seu uso independente.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o contacto cunha primeira lingua estranxeira iníciase a partir do segundo ciclo da educación infantil, co obxectivo de proporcionarlles aos nenos e ás nenas as primeiras experiencias no seu uso oral. Así, este alumnado accede á educación primaria cunha certa experiencia e familiarización coa devandita lingua. Desde esta perspectiva, o currículo nesta etapa, se ben inicialmente dá prioridade ás actividades lingüísticas ou destrezas orais nos primeiros cursos, establece gradualmente a aprendizaxe das outras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias propios destas idades.

Un currículo de lingua estranxeira para a formación da cidadanía na sociedade da información non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe da lingua estranxeira e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías. A utilización das TIC posibilita o acceso a informacións sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

O currículo está estruturado para cada curso da etapa en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo

.O bloque 1 *Comprensión de textos orais* recolle diversos aspectos da comprensión oral. Nel abórdanse estratexias comunicativas necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camiño cara á adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira. Nesta liña, considera, por unha parte, a activación dos coñecementos previos, a partir de ilustracións, da mímica e de preguntas, para comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais sinxelas. Pola outra,

establece variedade de contextos de comunicación, que deberán fornecer modelos lingüísticos igualmente variados tanto no aspecto fonético e prosódico como no uso de expresións concretas en situacións coñecidas de interaccións verbais. Para conseguir este propósito, a utilización de recursos audiovisuais e das TIC é imprescindible.

O bloque 2 *Producción de textos orais* aborda o desenvolvemento de habilidades de produción oral. A súa finalidade é dotar aos alumnos e ás alumnas de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados. Mediante a aprendizaxe dos contidos establecidos, o alumnado poderá usar a lingua oral en tarefas básicas como falar de si mesmo/a, conseguir que os demais o atendan e entendan, pedir e dar a información que lle interesa tanto dentro da aula como fóra dela, tanto no ambiente escolar como en situacións propias doutros ámbitos próximos á súa idade. Progresivamente, o currículo ten en conta as aprendizaxes necesarias para describir, explicar, relatar, dar razóns, ideas, predicir, preguntar, aclarar ou opinar cun grao de dominio propio desta etapa.

O bloque 3 *Comprensión de textos escritos* céntrase en aspectos da comprensión escrita. A adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvense progresivamente nos distintos cursos para que o alumnado poida adquirir os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita. Faise fincapé en fomentar a afección pola lectura como fonte de gozo, formación, aprendizaxe, fantasía e descubrimento doutros contornos e culturas.

O bloque 4 *Producción de textos escritos: expresión e interacción* expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral. A complexidade da expresión escrita require unha conexión estreita co correspondente traballo na lingua oral da lingua estranxeira e nas outras linguas das que incorporarán os procedementos básicos que dan coherencia, cohesión, adecuación e riqueza aos seus escritos.

O bloque 5 *Coñecemento da lingua e consciencia intercultural* enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación. Igualmente, considéranse neste bloque elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan as persoas falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo.

O alumnado aprenderá progresivamente a comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe, lograr unha competencia comunicativa integrada e alcanzar unha consciencia intercultural que lle permita comunicar con certa sintonía cultural.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe están organizados dentro dos cinco grandes bloques e o seu tratamento ten que ser abordado desde unha óptica competencial. As relacións entre estes tres elementos do currículo non son unívocas, debido á especial natureza da actividade lingüística. Isto supón que, para cada unha das tarefas comunicativas listadas e descritas nos estándares de aprendizaxe, haberá de incorporarse o conxunto dos contidos recollidos para cada bloque de actividade respectivo. Deste mesmo xeito, para avaliar o grao de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación recollidos e descritos para a tarefa correspondente.

Desde o punto de vista metodolóxico, os enfoques que se adopten deberán considerar os principios básicos que facilitan a aprendizaxe dunha lingua e cultura estranxeira a estas idades no contexto escolar. Partindo deste feito, fomentarase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbitos diversos propios destas idades, e que

permitan a utilización real e motivadora da lingua. O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentar adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. A medida que o alumnado avanza en idade, evoluciona desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das

actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

Por outra parte, debe existir coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, para evitar a repetición de contidos propios da aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto, é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo profesorado que as imparte.

Finalmente, cómpre ter en conta no actual contexto educativo galego a implantación, na rede de centros docentes plurilingües e nos centros docentes con seccións bilingües, do ensino-aprendizaxe integrado de contidos e linguas estranxeiras. Isto supón a necesidade dunha estreita coordinación entre o profesorado que imparte lingua estranxeira e o que a utiliza como instrumento de ensino doutras áreas curriculares.

**2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
AVALIABLES DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS). CONCRECIÓN DOS
OBXECTIVOS, CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN,
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

1ª Avaliación								
Obx.	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias Clave	Elementos Transversais	Instrumentos de Avaliación	Criterios de cualificación
b f c i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>-Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais e do seu interese.</p> <p>- Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.</p>	B1.1	PLEB1.1	<p>Comprende a información esencial dun texto oral propio da súa idade.</p> <p>Segue e comprende as instrucións e peticións relativas á vida escolar.</p>	CCL	EOE CA	Observación diaria	20%
		B1.2	PLEB1.4				Proba oral	30%
